

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL LUARADA PARA A ORGANIZACIÓN DA 31 EDICIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL, OUFF

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, Óscar Fernández González, na súa condición de Presidente da **Asociación Cultural Luarada**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. 2019/023254-1ª), actuando en cumprimento do sinalado no artigo 6 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de



Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego.

A Axencia ten como obxectivos básicos, entre outros, a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a valorización dos recursos turísticos, o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial e a promoción da imaxe marca-país de Galicia, desde unha óptica integral e marca-país (artigo 2 dos citados estatutos).

O devandito artigo 9 dos seus estatutos establece entre as funcións e competencias da Axencia de Turismo de Galicia, o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia como no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado, así como calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

Así mesmo a instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.

Segundo.- Que a Asociación Cultural Luarada é unha entidade sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, podendo realizar en consecuencia todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico e cuxos Estatutos sinalan como fins fundacionais os de centrarse na dinamización cultural, podendo organizar para tal fin festivais, mostras, exposicións, conferencias, obradoiros, xornadas didácticas ou a produción de diferentes contidos audiovisuais, musicais, etc.

O seu primeiro cometido foi impulsar o Festival Internacional de Curtametraxes de Comedia denominado Festival RiR, que se celebra durante a primeira semana de setembro na vila de Allariz (Ourense). O seu fin fundacional é o de centrarse na dinamización cultural, podendo organizar para tal fin: festivais, mostras, exposicións,



conferencias, obradoiros, xornadas didácticas ou a produción de diferentes contidos audiovisuais ou musicais entre outros.

Terceiro.- O Ourense Film Festival (OUFF) é unha cita cultural de gran transcendencia e unha traxectoria de máis de vinte anos que situou o nome de Ourense no panorama cinematográfico nacional e internacional. Este ano celebrarase do 25 de setembro ao 4 de outubro, e chegará á súa edición número 31. Organizado pola Asociación Cultural Luarada, co financiamento da Deputación Provincial de Ourense, a Axencia de Turismo de Galicia e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), volverá a ser unha oferta cultural de primeiro nivel e o evento cinematográfico máis importante de Galicia cunha programación rigorosa, coherente e plural. Estreas, ciclos, encontros profesionais, exposicións, a residencia audiovisual FAÍSCAS, a sección Xanela para proxectos en construción, a sección Colleita cos filmes vencellados á provincia ou ao festival, a sección Agarimo para homenaxear a unha figura do cinema e o selo OUFF Publicacións serán as estrelas desta edición. O festival será tamén, un ano máis, o escaparate mundial de difusión e promoción do mellor cinema galego, cunha sección oficial propia, Panorama Galicia, poñéndose ao servizo dos seus profesionais e ofrecendo as estreas máis importantes do ano.

- FORMACIÓN. O festival presta unha especial atención ó capítulo da formación e atención a novos públicos a través de Faíscas ou Master Class.
- INDUSTRIA. O certame levará a cabo actividades relacionadas coa industria cinematográfica e a presenza de equipos artísticos, en encontros coma as seccións desenvolvidas dentro do marco do OUFF Industry, Encontros de Academias, Encontro de produtoras, etc.

Igualmente un dos obxectivos do OUFF é acoller ao audiovisual galego, con prioridade ao formato longametraxe pero sen descartar outros formatos, ata ser unha referencia de cara ao exterior, seguindo o modelo que actualmente posúe o festival de Málaga para o cine español, ou Sitges para o cine catalán.

Cuarto.- Conscientes de que un festival que latexa se conecta coa sociedade que o acolle, OUFF aspira a consolidarse como unha festa cultural anual ao servizo da sociedade ourensá, tanto na capital como na provincia, ao tempo que transcender ao



resto de Galicia, pois o festival pretende ser o escaparate de promoción e difusión do audiovisual propio, poñéndose ao servizo dos nosos profesionais.

A programación da 31 edición do OUFF detállase deseguido.

SECCIÓN OFICIAL

1. LONGAMETRAXES

- a. SECCIÓN OFICIAL INTERNACIONAL. Terán un total de 10 títulos que competirán pola Calpurnia e o resto de premios de outorga o certame. O obxectivo final é dar a coñecer ao público e á industria cales son as tendencias actuais da produción e coprodución cinematográfica de calidade en todo o mundo. A sección contará cun xurado profesional e internacional formado por cinco membros que concederán os diferentes premios.
- b. SECCIÓN PANORAMA GALICIA. Terá un total de 7-8 títulos producidos ou coproducidos por empresas galegas. Coma no caso da sección internacional, a idea será dar a coñecer e servir de escaparate ó mellor cinema galego do ano. Un xurado de recoñecido prestixio dentro do sector será o encargado de outorgar os premios.

2. CURTAMETRAXES

- a. SECCIÓN OFICIAL INTERNACIONAL e SECCIÓN PANORAMA GALICIA. Recollerá unha morea de traballos de ficción, animación e documental, que mestura curtametraxes galegas, nacionais e internacionais en tres bloques.

CONCURSOS

- FAÍSCAS. É un concurso por equipos para a realización dunha peza audiovisual cunha duración determinada. Durante un tempo limitado gravarán durante catro días na cidade de Ourense todo o material necesario para unha curtametraxe. Cada equipo terá que presentar unha peza audiovisual rematada para a súa estreia antes do inicio da edición, na que se proxectarán e outorgarán un primeiro e segundo premio.



SECCIÓN PARALELAS

- INÉDITO EN OURENSE. Esta sección, unha das de maior éxito de público, permite ao espectador recuperar aqueles títulos destacados, ó longo do ano, na carteleira nacional, e que non puideron verse nas salas comerciais da cidade.
- COLLEITA. Neste apartado proxectaranse aqueles filmes que polas súas características non teñen encaixe nas outras seccións do festival e que, aínda así, paga a pena amosar polo seu vínculo co festival.
- MADE IN OU. Esta sección recollerá exclusivamente traballos realizados por xente amateur ou profesional da provincia de Ourense que non estean na sección oficial, dando acubillo aos creadores ourensáns e que sintan que o festival da súa cidade pode ser un escaparate para amosar os seus traballos.
- CINE FAMILIAR. Unha serie de proxeccións de filmes pensados para acudir en familia á sala de proxección e así fomentar o cinema como actividade familiar.
- AGARIMO. Sección dedicada neste edición á figura de Billy Wilder, facendo un ciclo especial polo 120º aniversario.
- FÓRA DE SERIE. O festival acollerá a estrea de capítulos piloto de series nacionais e galegas da vindeira tempada, coa asistencia de parte do equipo artístico.
- OUFF SOCIAL. Unha proxección dun filme que se proxecta no cárcere do Pereiro de Aguiar, coa presenza de parte do equipo artístico.
- OUFF FILM SYMPHONY. A Xove Orquestra Ourensanía, baixo a dirección de José Luis Tielas, ofrecerá un concerto de música de cinema, dedicado nesta edición á triloxía *O señor dos aneis*.
- EXPOSICIÓN. Outra actividade que non debe faltar dentro dun festival de cine é unha exposición que vire arredor do mundo do cinema e que se instalará no Centro Cultural Marcos Valcárcel, que levará por título *Terra do anel*, unha exposición sobre a triloxía *O señor dos aneis* por mor do seu 25º aniversario.
- OUFF PUBLICACIÓN. Como en cada unha das edicións do festival, dedícase un apartado moi especial ás publicacións. Entre elas inclúense o catálogo, o programa e un despregable de man, xunto co libro de varios autores coordinado polo historiador do cine José Luis Castro de Paz sobre a figura do cineasta Edgar Neville.



- ROTEIROS DE CINE. O festival organiza tres viaxes polos lugares da provincia nos que se filmaron diferentes proxectos cinematográficos.
- ENCONTROS LITERARIOS DE CINE. Sección dedicada a encontros con autores que presentan o seu libro relacionado co cinema. Serán catro datas ao longo do ano: o luns 4 de maio *Contaaluz*, de Xosé Poldra, o martes 9 de xuño *El universo de Marilyn Monroe*, de varios autores, que presentará Jaime Iglesias Gamboa, e o mércores 23 de setembro de o sábado 26 de setembro aínda por concretar.
- CICLOS DE CINE. Co gaio da publicación sobre a figura de Edgar Neville, proxectarase un ciclo na Universidade de Vigo, no Campus de Ourense, tódolos xoves de maio cos seus títulos: *La torre de los siete jorobados*, *Nada*, *El último caballo* e *Mi calle*.

A 31ª edición do festival será, pois, unha edición cun programa amplo, variado e diverso, que achegue a cultura e o lecer asociado ao audiovisual, de xeito que ao tempo que interesa ao público en xeral, sexa un polo de encontro e de atracción para os creadores e os profesionais galegos.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Asociación Cultural Luarada a única entidade organizadora do mesmo.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Cultural Luarada para a organización da 31 edición do Ourense Film Festival (OUFF), que se celebra entre o 25 de setembro e o 4 de outubro de 2026.



Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 490.760,30 € (IVE incluído) co detalle que se establece no anexo I a este convenio e do cal forma parte.

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no anexo anterior na contía máxima de cento vinte mil euros (120.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento do importe a favor da Asociación una vez esta presente a documentación xustificativa establecida no presente convenio.

En todo caso, a achega da Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a Asociación obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2026**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Así mesmo, o IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade beneficiaria.



Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. A Asociación, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia de Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia, incluír a marca Xacobeo 27 de conformidade co Decreto 3/2026, do 26 de xaneiro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2027 e a marca "Galicia Calidade" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Os logos poderán descargarse na seguinte ligazón: <https://www.turismo.gal/marca01>.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei



9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Achegar unha declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE). No suposto de que o IVE soportado sexa deducible, deberá presentar xunto coa presente declaración responsable o modelo 390 (Resumo anual do IVE do exercicio anterior).
- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos.
- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.



De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrência con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia de Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A Asociación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:



- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

1. A Asociación, segundo se establece no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, estará obrigada a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que contará:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento segundo o modelo que se xunta no anexo II.

- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no



apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do proveedor.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

- Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas na cláusula cuarta.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2. A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

4. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio por parte da Asociación remata o **30 de novembro de 2026**.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

5. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado para as actividades subvencionadas, obxecto do presente convenio, contidos na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar **pagamentos anticipados**, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 50% da subvención concedida e sen



que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 63.1 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo a Asociación deberá presentar as certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedan exonerados da constitución de garantía os pagos acumulados anticipados que non superen os 18.000 €. No caso de superar esta contía a entidade deberá constituír unha garantía do 110% do importe pagado como anticipo.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Asociación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo segunda.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado pola Asociación e por un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo terceira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.



Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante), comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo sétima.- Protección de datos persoais

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio subscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



En canto aos datos persoais sobre os que a Asociación Cultural Luarada ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais achegados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obriga legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A Asociación comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Décimo oitava.- Notificación electrónica



Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo novena.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia de Turismo de Galicia
O director

Pola Asociación Cultural Luarada
O presidente

José Manuel Merelles Remy

Óscar Fernández González



ANEXO I
ORZAMENTO

CONCEPTO	BASE	IVE	TOTAL
1. Organización			59.489,00 €
1.1. Persoal contratado	52.350,00 €		52.350,00 €
1.2. Persoal externo de produción (coordinadora de produción e auxiliar de produción)	5.900,00 €	1.239,00 €	7.139,00 €
2. Proxección filmes			63.162,00 €
SERVIZOS			
2.1. Coordinación proxeccións	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
2.2. Coordinación técnica Auditorio	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
2.3. Asesor de programación na Sección Oficial, Panorama Galicia e Colleita	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €
SUBMINISTRACIÓNS			
2.4. Alugueiro proxector DCP Auditorio	6.200,00 €	1.302,00 €	7.502,00 €
OUTROS			
2.5. Dereitos de exhibición dos filmes	25.000,00 €	5.250,00 €	30.250,00 €
2.6. Subtitulado, almacenaxe e transporte	5.000,00 €	1.050,00 €	6.050,00 €
3. Espazos			15.367,00 €
SERVIZOS			
3.1. Limpeza do Claustro de San Francisco	450,00 €	94,50 €	544,50 €
SUBMINISTRACIÓN			
3.2. Alugueiro equipo electróxico	1.650,00 €	346,50 €	1.996,50 €
OUTROS			
3.3. Alugueiro espazos de proxección	9.100,00 €	1.911,00 €	10.011,00 €
3.4. Ambientación de espazos	1.200,00 €	252,00 €	1.452,00 €
3.5. Seguridade	300,00 €	63,00 €	363,00 €



4. Actividades paralelas			85.855,00 €
SERVIZOS			
4.1. Actuacións musicais	12.000,00 €	2.520,00 €	14.520,00 €
4.2. Organización do Programa "Roteiros de Cine"	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
4.3. Cesión da exposición "Terra do anel" e visitas guiadas	35.000,00 €	7.350,00 €	42.350,00 €
4.4. Encontro produtoras de cine	8.000,00 €	1.680,00 €	9.680,00 €
4.4.1. Coordinación	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
4.4.2. Aloxamento e mantenza	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €
4.5. Programa "Faíscas, residencia audiovisual"	7.500,00 €	915,00 €	8.415,00 €
4.5.1. Coordinación	1.500,00 €	315,00 €	1.815,00 €
4.5.2. Aloxamento	2.500,00 €	250,00 €	2.750,00 €
4.5.3. Mantenza	3.500,00 €	350,00 €	3.850,00 €
4.6. Coordinadores de Sección Oficial Curtas, Made in OU, Xanela, Presentacións literarias e Fóra de serie	4.300,00 €	903,00 €	5.203,00 €
4.7. Asesor cultural para actividades paralelas	1.200,00 €	252,00 €	1.452,00 €

5. Premios			50.832,50 €
SUBMINISTRACIÓNS			
5.1. Trofeos	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
OUTROS			
5.2. Premios económicos	46.900,00 €		46.900,00 €
5.2.1. Mellor película internacional	10.000,00 €		10.000,00 €
5.2.2. Mellor película panorama Galicia	8.000,00 €		8.000,00 €
5.2.3. Mellor dirección internacional	3.000,00 €		3.000,00 €
5.2.4. Mellor dirección panorama Galicia	2.000,00 €		2.000,00 €
5.2.5. Mellor interpretación internacional	2.500,00 €		2.500,00 €



5.2.6. Mellor interpretación panorama Galicia	1.500,00 €		1.500,00 €
5.2.7. Premio Especial do xurado	3.000,00 €		3.000,00 €
5.2.8. Premio do público a película internacional	3.000,00 €		3.000,00 €
5.2.9. Premio do público a película panorama Galicia	2.000,00 €		2.000,00 €
5.2.10. Mellor guión internacional	2.500,00 €		2.500,00 €
5.2.11. Mellor guión panorama Galicia	1.500,00 €		1.500,00 €
5.2.12. Mellor ópera prima nacional	3.000,00 €		3.000,00 €
5.2.13. Mellor curtametraxe internacional	2.000,00 €		2.000,00 €
5.2.14. Mellor curtametraxe panorama Galicia	2.000,00 €		2.000,00 €
5.2.15. 1º Premio Faíscas	600,00 €		600,00 €
5.2.16. 2º Premio Faíscas	300,00 €		300,00 €
5.3. Envíos de trofeos non recollidos na gala	250,00 €	52,50 €	302,50 €

6. Convidados			55.330,00 €
SERVIZOS			
6.1. Coordinación hospitalidade	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
6.2. Desprazamentos	12.000,00 €	2.520,00 €	14.520,00 €
6.3. Aloxamentos	15.000,00 €	1.500,00 €	16.500,00 €
6.4. Mantenza	10.000,00 €	1.000,00 €	11.000,00 €
6.5. Responsable de contorna segura	1.000,00 €	210,00 €	1.210,00 €

7. Galas (Inauguración e Clausura)			29.161,00 €
SERVIZOS			
7.1. Guión e dirección	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
7.2. Presentadores	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
7.3. Xestión de entradas e protocolo	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
7.4. Maquillaxe e perruquería dos presentadores	600,00 €	126,00 €	726,00 €



7.5. Realización do directo por streaming	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €
---	------------	------------	------------

8. Publicidade e difusión			106.564,30 €
SERVIZOS			
8.1. Deseño da liña gráfica dos materiais de difusión	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
8.2. Comunicación, RRSS e Web	29.830,00 €	6.264,30 €	36.094,30 €
8.3. Alugueiro equipos plató entrevistas	7.500,00 €	1.575,00 €	9.075,00 €
8.4. Cartel	5.000,00 €	735,00 €	5.735,00 €
8.4.1. Ilustración	1.500,00 €		1.500,00 €
8.4.2. Animación dixital, adaptacións aos formatos e sonorización	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
8.5. Persoal para xeración de contidos e cobertura audiovisual: fotógrafo, videógrafo e editores	13.000,00 €	2.730,00 €	15.730,00 €
SUBMINISTRACIÓNS			
8.6. Merchandising	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
8.7. Material de difusión (lonas, carteis, sinalética, etc.)	20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €

9. Publicacións			19.115,00 €
SERVIZOS			
9.1. Redacción do libro	4.500,00 €	945,00 €	5.445,00 €
9.2. Correctora lingüística para catálogo	3.000,00 €	630,00 €	3.630,00 €
SUBMINISTRACIÓNS			
9.3. Impresión do libro	5.000,00 €	200,00 €	5.200,00 €
9.4. Impresións dos programas e catálogo	4.000,00 €	840,00 €	4.840,00 €

10. Gastos de xestión			5.884,50 €
SERVIZOS			
10.1. Xestoría (90% custo xaneiro-outubro)	4.200,00 €	882,00 €	5.082,00 €
OUTROS			
10.2. Seguros RC e de voluntariado	500,00 €		500,00 €



10.3. Material de oficina	250,00 €	52,50 €	302,50 €
---------------------------	----------	---------	----------

	BASE	426.680,00 €
	IVE	64.080,30 €
	TOTAL FINAL	490.760,30 €



ANEXO II

Nº	PROVEDOR/A	N.º FACTURA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	BASE IMPONIBLE	IVE	IMPORTE TOTAL
TOTAL							

